



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Ciencia de Materiais		Código	770G02009
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Garcia Diez, Ana Isabel	Correo electrónico	ana.gdiez@udc.es	
Profesorado	Barbadillo Jove, Fernando Camba Fabal, Carolina Garcia Diez, Ana Isabel	Correo electrónico	fernando.barradillo@udc.es carolina.camba@udc.es ana.gdiez@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Fundamentos da ciencia dos materiais. Estrutura cristalina, propiedades mecánicas, transformacións de fases e diagramas de equilibrio; materiais e os seus tratamentos: aliaxes férreas, aliaxes non férreas, cerámicos, polímeros e materiais compostos; outras propiedades dos materiais: propiedades eléctricas e magnéticas, propiedades térmicas e ópticas e resistencia ao desgaste e á corrosión; selección de materiais.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se modifican os contidos</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías docentes modificando únicamente o seu carácter presencial, excepto as que se comentan no apartado seguinte</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>A realización das prácticas de laboratorio faranse preferentemente de xeito presencial, modificando, se ser preciso, a planificación das mesmas para adaptala ós períodos de presencialidade. No caso de non ser posible completalas deste xeito, substituiranse por outras actividades ou, de non ser posible, cancelaranse.</p> <p>A proba obxectiva, de ter que ser non presencial, deixará de ter dous partes (problemas e teoría), e constará dunha única parte que combinará preguntas de teoría curtas, e breves exercicios numéricos.</p> <p>A avaliación de prácticas e a defensa do traballo monográfico manteranse, pero de ser necesario realizarase en formato non presencial.</p> <p>A docencia expositiva prevista como Presencial, pasará a Non Presencial no caso de que os números de matrícula na materia non permitan garantir as medidas recollidas no Plano de Prevención do Centro.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Atenderase ó alumnado a través das vías institucionais, moodle, teams, correo electrónico e atención telefónica.</p> <p>Manteranse os horarios establecidos para as titorías e atenderase, por calquera das canles mencionadas, previa petición individual ou grupal do estudiantado fora dese horario.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>No caso de que a proba obxectiva teña carácter non presencial, non será necesario obter unha cualificación mínima entre a parte de teoría e de problemas, posto que a proba se unifica e terá unha única parte.</p> <p>No caso de non poder realizar/substituír ningunha sesión de prácticas de laboratorio, a cualificación asignada a esta actividade incrementará á correspondente aos traballos tutelados, pasando dun 15 a un 30 % da cualificación final.</p> <p>*Observacións de avaliação:</p> <p>As sesións prácticas en laboratorio que se manteñan serán de obrigada asistencia, e imprescindibles para poder aprobar a materia.</p> <p>A presentación e defensa do traballo monográfico será obligatorio para poder superar a materia, independentemente que sexa presencial ou non.</p> <p>A non presentación de traballo e/ou non completar as prácticas de laboratorio obligatorias que se manteñan implicará unha cualificación final de Non Presentado.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se modifica</p>
----------------------	---



Código	Competencias / Resultados do título		
Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñece os fundamentos da ciencia e tecnoloxía dos materiais de uso común na Enxeñaría Industrial. Comprende as relacións entre a microestrutura, as propiedades e o comportamento dos materiais. Sabe aplicar os coñecementos de ciencia e tecnoloxía á elección e comportamento dos materiais metálicos, cerámicos, poliméricos e compostos. Coñece os diferentes tipos de materiais, así como os seus ensaios e especificacións. Coñece e sabe executar os ensaios de materiais.	A14 B1 B2 B4 B7	C1 C6	
Contidos			
Temas	Subtemas		
O temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na correspondente ficha da memoria de verificación	Fundamentos da ciencia de materiais (Tema 1-2) Estructura cristalina, propiedades mecánicas, transformaciones de fases e diagramas de equilibrio (Tema 3-11) Tipos de materiais (Tema 12-19)		
TEMA 1. Concepto de ciencia dos materiais	Perspectiva histórica dos materiais. Tipos de materiais en enxeñaría. Influencia da estrutura nas propiedades dos materiais. Utilización e comportamento en servizo dos materiais.		
TEMA 2. Estrutura interna dos materiais	Forzas interatómicas. Enerxía de enlace. Tipos de enlaces interatómicos: iónico, covalente, metálico e forzas de Van der Waals. Estrutura molecular: enlace e arranxos moleculares.		
TEMA 3. Estrutura cristalina	Estados cristalino e amorfo. Sistemas de cristalización. Redes e parámetros. Tipos principais: cúbica centrada no corpo, cúbica centrada nas caras e hexagonal compacta. Polimorfismo e alotropía. Planos e direccions cristalográficas. Índices de Miller. Sistemas de deslizamento. Isotropía e anisotropía.		
TEMA 4. Imperfeccións ou defectos cristalinos	Tipos: puntuais, lineais ou dislocacion, superficiais. Efecto dos defectos no comportamento dos materiais. Estrutura granular. Formación dos grans. Factores que inflúen no tamaño de gran. Determinación do tamaño de gran. Influencia do tamaño de gran sobre o comportamento mecánico. Transformación da estrutura granular.		
TEMA 5. Constituíntes das aliaxes	Solucións sólidas: de substitución, inserción e ordenadas. Mecanismo de endurecemento por formación de solución sólida e por ordenación. Factores que inflúen na formación das solucións sólidas. Compostos de valencia normal e anormal.		
TEMA 6. Diagramas de equilibrio	Diagramas de equilibrio das aliaxes binarias. Obtención e interpretación. Regra das fases. Clasificación dos diagramas segundo a sua solubilidade en estado líquido. Reaccións eutéctica, peritéctica e monotéctica. Transformacións en estado sólido. Reaccións eutectoide, peritectoide e monotectoide. Difusión en estado sólido. Mecanismos da difusión. Leis de Fick. Transformacións difusivas e desplazativas. Diagramas ternarios: construcción e interpretación. Fenómenos de segregación. Heteroxeneidade: menor, maior e estrutural.		
TEMA 7. Propiedades mecánicas	Dureza. Escalas de dureza. Acción dunha carga sobre un material: deformacións elásticas e plásticas. Acritude. Endurecemento por deformación. Diagrama de tracción. Límite elástico. Punto de fluencia. Carga de rotura. Tenacidade e resiliencia: temperatura de transición. Comportamento dúctil e fráxil.		
TEMA 8. Materiais férreos	Ferro puro. Transformacións alotrópicas do ferro. Diagrama metaestable e estable ferro-carbono. Aliaxes que se obteñen dos devanditos diagramas. Macroestrutura e microestrutura dos aceiros en estado recocido. Puntos críticos dos aceiros: formas de determinación		



TEMA 9. Descomposición isotérmica da austenita	Cinética da transformación da austenita. Curvas temperatura-tempo-transformación (T.T.T.). Influencia de diversos factores sobre as curvas T.T.T.. Curvas de arrefriado continuo.
TEMA 10. Tratamentos térmicos dos aceiros	Clasificación dos tratamentos térmicos. Temple dos aceiros. Influencia de diversos factores no temple. Severidade de temple. Templabilidade. Medida da templabilidade. Revenido. Factores do revenido. Fraxilidades do revenido. Normalizado. Recocidos: tipos e clasificación. Tratamientos isotérmicos : recocido isotérmico, austempering e martempering . Tratamientos termomecánicos.
TEMA 11. Tratamentos térmicos superficiais dos aceiros	Clasificación dos mesmos. Cementación. Mecanismo da cementación. Tratamientos post-cementación. Nitruración. Mecanismo do endurecimiento por nitruración. Temple superficial. Outros tratamentos superficiais.
TEMA 12. Clasificación dos aceiros	Diferentes formas de presentación dos elementos de aliaxe nos aceiros. Influencia dos mesmos sobre a estrutura e propiedades dos aceiros. Clasificación dos aceiros segundo a súa composición e segundo a súa utilización.
TEMA 13. Fundicións	Xeneralidades sobre as fundicións. Clasificación das fundicións en función da microestrutura. Fundición branca: estrutura e propiedades. . Fundición gris: mecanismo de formación, estrutura e propiedades Fundicións maleables, esferoidais e aleadas.
TEMA 14. O aluminio e as súas aliaxes	Aluminio puro: propiedades e utilización. Influencia dos elementos de aliaxe. Clasificación das aliaxes de aluminio :aliaxes para forxa e aliaxes para moldeo. Tratamento térmico de bonificado. Maduración natural e artificial.
TEMA 15. Aliaxes de cobre	Cobre puro: variedades técnicas, propiedades e aplicacións. Influencia dos elementos de aliaxe. Clasificación das aliaxes de cobre. Latones comuns e aleados. Bronces comuns, aleados e especiais. Tratamentos térmicos do cobre e as súas aliaxes.
TEMA 16. Outras aliaxes metálicas	Titanio: propiedades e aplicacións. Clasificación das aliaxes de titanio. Magnesio e aliaxes de magnesio. Aliaxes de estaño. Aliaxes de níquel . Superaleaciones . Outras aliaxes industriais.
TEMA 17. Materiais cerámicos.	Relacións estruturais fundamentais. Propiedades e aplicacións. Vidros. O estado vítreo. Estrutura e propiedades do vidro. Refractarios: clasificación. Fabricación, propiedades e ensaios dos refractarios. Cementos: tipos e propiedades.
TEMA 18. Materiais polímeros	Estrutura, clasificación e tipoloxía química dos polímeros. Degradación e estabilización dos polímeros. Comportamento tipo caucho e viscoelástico. Propiedades dos polímeros. Principais materiais polímeros de aplicación industrial.
TEMA 19. Materiais compuestos	Natureza e constituíntes dos materiais compostos. Tecnoloxías de fabricación. Interfases. Propiedades e aplicacións dos materiais compostos. Formigón : tipos, características e propiedades.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas de laboratorio	A14 B1	9	9	18
Proba obxectiva	A14 B2 B4 C1	12	36	48
Sesión maxistral	A14 C6	21	21	42
Solución de problemas	A14 B1 B5	10	10	20
Obradoiro	A14 B7	11	11	22
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	Realizaranse varias sesións prácticas onde se realizarán diferentes ensaios e análisis sobre as propiedades e características dos materiais
Proba obxectiva	Os exames constarán de duas partes, problemas e teoría en forma de preguntas curtas, cuestiós ou temas, breves exercicios numéricos.
Sesión maxistral	Tratarase de expor nas mesmas os aspectos más importantes de cada un dos capítulos do programa.
Solución de problemas	Realizaranse seminarios de problemas a base de entregar con suficiente antelación a cada seminario unha colección de enunciados cuxa resolución corresponde ao alumno. En cada sesión do seminario resolveranse cantas dúbihdas ou dificultades xurdisen ao alumnado.
Obradoiro	Constará de dous tipos de actividades. En primeiro lugar realizaranse unha serie de sesións onde se resolverán as dúbihdas do alumnado con respecto a preguntas teóricas expostas en cuestionarios de autoevaluación previamente postos á súa disposición. A outra actividade consistirá na realización dun traballo monográfico e na defensa oral do mesmo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	A14 B2 B4 C1	Poderanse facer exames parciais que terán carácter liberatorio para as convocatorias do curso presente a condición de que a cualificación sexa igual ou superior a 5.0. Os exames constarán de duas partes, problemas e teoría en forma de preguntas curtas, cuestiós ou temas, breves exercicios numéricos. As partes de Problemas e de Teoría teñen unha ponderación do 50% e 50%, respectivamente, sobre a nota final. A cualificación final será a media aritmética de ambas as partes, a condición de que ningunha delas sexa inferior a 4,0 puntos.	70
Prácticas de laboratorio	A14 B1	As sesións prácticas en laboratorio son de obrigada asistencia, e imprescindibles para poder aprobar a materia. O alumnado que asistise ás prácticas en cursos previos non deberá volver a asistir, pero sí deberá repetir a avaliação das mesmas. Esta faráse conxuntamente con cada unha das probas obxectivas programadas para o curso. A cualificación obtida na avaliação de prácticas realizada na data fixada para a primeira oportunidade poderá gardarse para a segunda oportunidade, pero aquel alumnado que opte por presentarse a avaliação de prácticas na segunda oportunidade, renunciará a cualificación obtida previamente.	15
Obradoiro	A14 B7	A presentación e defensa do traballo monográfico e obligatorio para poder superar a materia. A calificación do traballo suporá un 15 % da nota final.	15
Outros			

Observacións avaliação

A non presentación de traballo e/ou o non completar as prácticas de laboratorio obligatorias implicará unha calificación final de Non Presentado. No caso de celebrarse exames parciais, a condición necesaria para poder presentarse ós mesmos fixarase no momento da súa convocatoria.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- NÚÑEZ C., ROCA A., JORBA J. (2002). Comportamiento mecánico de materiales (Volumen 1: Conceptos fundamentales). Edicions Universitat de Barcelona- BLÁZQUEZ V., COBO P., GAMBOA R. PUEBLA J.A., VARELA A. (1990). Metalotecnia. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I.- CALLISTER W.D. (2009). Introducción a la ciencia e ingeniería de materiales. Editorial Reverté.- SHACKELFORD J.F (2010). Introducción a la ciencia de materiales para ingenieros.. Prentice-Hall.- GIL F.J., CABRERA J.M., MASPOCH M.L., LLANES L.M., SALÁN N. (1997). Materiales en ingeniería. Problemas resueltos. Ediciones U.P.C.- ASKELAND D.R. (2001). Ciencia e ingeniería de los materiales. Thomson Editores 4ª edición- MARTIN N. (2012). Ciencia de materiales . Pearson Educación- SMITH W.F.; HASHEMI J. (2006). Fundamentos de la ciencia e ingeniería de materiales. Mc Graw Hill 4ª edición- BARROSO S.; IBÁÑEZ J. (2008). Introducción al conocimiento de los materiales. UNED- VARELA A. (2001). Problemas de ciencia de los materiales. Servicio de reprografía de la UDC- AMIGÓ V. (1999). Fundamentos de la ciencia de materiales. Universidad Politécnica de Valencia- JOHN V.B. (1994). Ingeniería de los materiales. Cuadernos de trabajo. Addison-Wesley Iberoamericana- VARELA A. (1990). Problemas de metalotecnia. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I.- ROSIQUE J., COCA P. (1979). Ciencia de materiales. Problemas. Pirámide- AMIGÓ V., SALVADOR M.D. (2002). Fundamentos de la ciencia de materiales. Cuaderno de ejercicios. Universidad Politécnica de Valencia- BLÁZQUEZ V., LORENZO V., DEL RÍO B. (2012). Ingeniería y ciencia de materiales metálicos. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I. <p>Â</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendación

Materias que se recomienda cursar previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observación

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostido e cumplir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saludable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", fomentarase, na medida do posible, que a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia sexa en formato virtual e/ou soporte informático, a través de Moodle e sen necesidade de imprimilos.No caso de ser necesaria a entrega en papel seguiranse as siguientes pautas:Non se emplegarán plásticosRealizaranse impresións a dobre caraEmpregarse papel recicladoEvitarase a impresión de borradoresIncorporarse a perspectiva de xénero na docencia desta materia (emplegarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos性別, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?)

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías